




REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 11/07/2014 12:05:00

SAÍDA 66928 / RX 619928



OFICIO

Asunto: información relativa ás disposicións da Lei 3/2007 en materia de fogos de artificio

Esta Secretaría Xeral, tendo en conta que se achega a época do ano na cal se concentran a maior parte dos espectáculos pirotécnicos no ámbito da comunidade autónoma galega, e logo de considerar a petición realizada pola Asociación galega de industriais pirotécnicos, decidiu darlles traslado da normativa de prevención de incendios forestais que afecta a esta actividade co obxecto de que lla transmitan aos concellos.

- A regulación do emprego de fogos de artificio e outros artefactos pirotécnicos **en festas locais ou de arraigada tradición cultural e en terreos forestais e zonas de influencia forestal en época de perigo alto** realízase no artigo 37 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais.
- A Lei 3/2007 no artigo 2 establece que é **terreo forestal** e que é **zona de influencia forestal**. En calquera caso o solo urbano, de núcleo rural e o urbanizable delimitado non teñen tal consideración.
- Tal e como se fai constar no artigo 37 o emprego de fogos de artificio e outros artefactos pirotécnicos **non está prohibido**. A dita actividade está suxeita a **autorización previa do concello**, que incluírá as medidas específicas de seguridade e prevención axeitadas. Con respecto á dita autorización, hai que indicar que só é necesaria durante a época de perigo alto, se os fogos de artificio ou os artefactos pirotécnicos poden afectar a zona forestal ou de influencia forestal, e que tan só cabería autorizar o seu emprego en festas locais ou de arraigada tradición cultural.
- O concello deberá **comunicar as autorizacións ao distrito forestal** correspondente cunha antelación mínima de 48 horas.
- Cando o **índice de risco diario de incendio forestal** sexa **extremo** o concello non poderá autorizar este tipo de actividades. Ademais entenderanse revogadas as autorizacións nas que o día da celebración o índice de risco sexa extremo.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR  
Secretaría Xeral de Medio Rural  
e Montes

San Lázaro, s/n  
15781 – SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tfno. 981 5460108 Fax. 981 546 101  
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

- Os lanzamentos só poderán ser realizados por **persoal autorizado** das empresas que figuren no rexistro sectorial desta actividade, e os fogos de artificio e os artefactos pirotécnicos deberán empregar **materiais ignífugos ou ignifugados**.

Xunto con este escrito tamén se achega un anexo con información e modelos de solicitude que foron subministrados pola Asociación galega de industriais pirotécnicos nos cales se ten en conta a normativa sectorial de aplicación en materia de pirotecnia e que poden ser de interese para os concellos.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2014

O secretario Xeral de Medio Rural e Montes

Tomás Fernández-Couto Juanas



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS  
Rúa Varsovia 4C, 6º andar - Área Central  
15707 – Santiago de Compostela

